



Instituto de Estudios Coruñeses  
**José Cornide**



GRÁFICA  
Imago Mundi Deseño

IMPRIME  
Sgraf Artes Gráficas

DEPÓSITO LEGAL  
C 774-2018

INSTITUTO JOSÉ CORNIDE DE ESTUDIOS CORUÑESES

## A CORUÑA NA MÚSICA DO REXURDIMENTO

### A Cantiga Lírca Galega

Discurso lido por

**ANTÓN DE SANTIAGO**

ao ser recibido como Membro de Número deste Instituto durante a sesión pública que se celebrou solemnemente o día 24 de maio de 2018 na Sala Capitular do Pazo Municipal da Coruña, e a contestación a cargo do Secretario-Conservador do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses SR. D. FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

A CORUÑA, 2018



## A xeito de saúdo

Diante de todo, necesito expresar a honra que, como coruñés, sinto por estar aquí, neste sitio, pronunciando o Discurso de ingreso no Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, polo que de seguido teño que dar as grazas aos membros da institución que pensaron en min para que esta situación se estea producindo e, xa que logo, aos que lle deron o visto e praxe.

Ademáis da honra, sinto o medo escénico, como se fose cantar diante do público, de non estar a altura da entidade que me acolle e da cidade. Teño presente aos esgrevios membros que constituiron e constitúen o Instituto desde a súa creación.

Douvos grazas a todos os que estades aquí.

\* \* \*



## A XEITO DE LIMIAR

Tírase do título da ponencia que vou falar de Música, por ser eu intérprete lírico e ensinante, razón esta se cadra pola que fun chamado á Institución. O relato leva dúas olladas: unha desde fora, a de quen observa, admírase e aprende, e outra desde dentro, a do que cos seus medios, asimilado o acervo, serve de intermediario entre creadores e público coa súa interpretación. Por iso terei necesidade de falar de min, polo que pido disculpas.

Así pois, este Discurso de ingreso ha de ter unha dobre oralidade: verbal e musical.

\* \* \*

A cidade da Coruña, os seus habitantes, poden gabarse dunha historia musical de primeira orde se temos en conta que estamos nun recuncho do noroeste da península ibérica, fronte a Nova York, mar por medio. A sorte foi que os artistas e as súas compañías que viaxaban alén do mar embarcasen na nosa cidade e deixaran mostras da súa arte, endebén, pola súa parte, un de aqueles, o italiano Nicola Setaro, tomándolle o gusto á cidade, decidira permanecer aquí construindo teatros, representando óperas e sementando o gusto coruñés pola Ópera.

E eu aquí, nesta endeita que me honra, quixera, con permiso de todos, falar do papel de A Coruña na Música do Rexurdimento, que, nado do louzán agromar de Rosalía de Castro, conxuga a palabra poética coa música.

É ben sabido que despois da vizosa existencia no noso país dos troveiros medievais, creacions as súas asimilables ás dos provenzais e ás dos Minnesänger alemáns, que Richard Wagner colocou na posteridade na súa ópera ‘Tannhäuser’, co propio Heinrich Tannhäuser e Wolfram von Eschenbach, creador da lenda de Parsifal, e Walther von der Vogelweide; pois ben malia todo iso, a creatividade do pobo galego calou e a lingua quedou agochada en aldeas e en vilas mariñeiras e a música nun ricaz folklore, que xa D<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán quixo revalorizar.

Xa que logo, cando a eximia poeta do Romanticismo, a Cantora do Sar, amosounos a súa obra, naceu de seu o Rexurdimento da cultura galega.

\* \* \*

## ANTECEDENTES

### Padre Martín Sarmiento. 1695-1772

Antes de entrar no s. XIX, paréceme de xustiza lembrar ao esgrevio frade beneditino Martín Sarmiento, nado en Pontevedra, que defendeu a nosa lingua propoñendo, no medio do s. XVIII, que o galego se estudase na escola. Da súa investigación naceu o libro ‘Glosario en el que se trata del origen, antigüedad etimologías y esplendor de la lengua gallega, trabajado por Fr. Martín Sarmiento, Benedictino, Natural de Pontevedra, 1745-1762’, portada na que se ve a indicación ‘Natural de Pontevedra’. Coñécese por outro título tal ‘Coloquio de veinticuatro gallegos rústicos’. Suxestivo este e significativo o primeiro ao ponderar orixe, antigüidade, etimoloxías e o esplendor da nosa lingua.

Velaquí un fito que temos que ver nidiamente coma un Antecedente ou se cadra como un Pre-Rexurdimento.

\* \* \*

### Marcial del Adalid. 1826-1881

A Coruña é o berce dun dos máis importantes músicos galegos. Nesta cidade veu ao mundo en 1826 Marcial del Adalid e Gurrea, fillo de prósperos comerciantes procedentes de La Rioja.

Estudou en Londres con Ignaz Moscheles, colaborador de Beethoven. Esta inmersión europea, dota a Marcial del Adalid, home culto pola súa formación, dunha impronta músico-poética que lle leva a escribir, as ‘Melodies pur chant e piano’ sobre Silvestre, Hugo, Musset, Lamartine, Beranger, Barbier e Goethe.

E, xa que logo, desde 1877 os seus ‘Cantos viejos y nuevos de Galicia’, sobre poemas da súa dona Fanny Garrido

Sobre este acervo investigou no fondo depositado na Real Academia Galega, a musicóloga e pianista coruñesa Margarita Soto Viso (hoxendía Viso Soto), inxente traballo que dou ao prelo, na serie Galicia Histórica da R.A.G., no 1985, a Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Tivo tamén Adalid a tentación do teatro musical. Creou inicialmente unha zarzuela titulada ‘Pedro Madruga’, que aínda non rematada, pola súa altura estética, lle aconsellan reconvertila en ópera, con texto en italiano do napolitano Achilles de Lauzières (traductor da primeira versión italiana do ‘Don Carlo’ de Verdi), que titulou ‘Inese e



Bianca’, dando maior importancia á truculenta historia de amor de Pedro Alvarez de Sotomayor, Pedro Madruga, con ambas as dúas irmans. Tentou estrea-la en París e non lle foi posible pola crise do Teatro des Italiens. Desacougado, gardouna nos caixons e permaneceu esquecida.

Recuperada pola devandita Margarita Soto Viso, puidéronse escoitar en 2005 algúns dos seus números. A Xunta de Galicia editou un fermoso libro coa recuperación de partitura e textos.

\* \* \*

## **Pablo Sarasate. 1854-1908**

Para incidir no pulo musical desta cidade, é necesario traer a colación ao máis grande violinista español, Pablo Sarasate, con permiso de Andrés Gaos e Manuel Quiroga. Sendo un neno, chegou a Coruña e seguiu os estudos de violín.

Escoitouno Juana de Vega e de seguido dispuxo para que debutase nun concerto acompañado pola outra orquestra da cidade, a do Circo de Artesanos. Tivo lugar no Teatro Principal o 13 de xaneiro de 1852, cando Pablo Sarasate tiña 7 anos.

O paralelismo con outro xenio das artes, o neno Pablo Picasso, é inevitable. Ámbolos debutaron na Coruña.

\* \* \*

## **A FONTE**

## **Rosalía de Castro. 1837-1885**

Naceu Rosalía en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837, filla dun cura. Chamáronlle María Rosalía Rita. Sendo moza frecuente, xa en Santiago, a xoves intelectuais como Manuel Murguía, Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre, sinalados participantes no mítico Banquete de Conxo en marzo de 1856. Xa casada con Murguía, este alenta a súa produción literaria e auspicia a publicación en 1863, en Vigo, do libro ‘Cantares Gallegos’. En 1880, en Madrid aparece ‘Follas Novas’. Se ‘Cantares’ puxo a Rosalía no corazón dos galegos, ‘Follas Novas’, foi toda unha revelación que a colocou no cumio do Romanticismo ibérico. En tales escasos vinte anos, desde o entrañable vínculo coa cultura popular do libro ‘Cantares Gallegos’, ata a fonda subxectividade, a doenza, a pena, a melancolía, a saudade de esposa e de nai desacougada,

expresadas co engado lírico da lingua galega en ‘Follas Novas’, queda formulado un milagre: o do Rexurdimento da cultura de Galicia.

Únense os músicos. E aparece de seu A Cantiga Lírica Galega, nome de integración dos distintos nomes cos que as chamaban os creadores.

\* \* \*

## O FROITO

### A Cantiga Lírica Galega

Case que un século máis tarde, comezado o último terzo do s. XX, todo aquel pulo creador no eido da canción de concerto ou lied galego, estaba esmorecido. Aboiaba a evocación dunhas pezas moi populares (citadas inclusive en ‘La Casa de la Troya’, de Pérez Lugín), que soaban nos carillons de concellos e outras entidades: ‘Negra Sombra’, ‘Os teus ollos’, ‘Un adiós a Mariquiña’...

Quen lles fala iniciaba daquela estudos de canto con María Luisa Nache e colaboraba no coro ‘Galicia Nova’ que Ramiro Cartelle fundara para cantar nas misas en galego de Las Capuchinas. A liturxia, outro fito.

Xurdíu a posibilidade de debutar cun recital para canto e piano. De novo tiña comigo a Cartelle, que era o pianista da clase, e fixo unha proposta: en vez do repertorio de canción de concerto, ópera e zarzuela habituais, levar a cabo un monográfico da canción galega.

Dese xeito chegou a mín o grande, fermoso e agochado acervo da música clásica cantada en galego.

A mín faltábame unha denominación que aglutinase as existentes. Propuxen ‘Cantiga Lírica Galega’, baseándome no seguinte: Curros Enríquez chamaba ‘Cantiga’ ao seu poema que comezaba ‘No xardín unha noite sentada’. Mais tal palabra connotaba coa cantiga popular. O xeito de canto esixido por tales pezas é o lírico, similar ao Lied alemán, a Melodie francesa, a Romanza de Salón italiana ou a Canción Napolitana. Así pois Cantigas Líricas, e por ser máis pedagóxico e xa que estabamos en época de neo-rexurdimento, ‘Cantigas Líricas Galegas’.

O recital tivo lugar, organizado por ‘O Facho’, o 3 de abril de 1974 no auditorio da Casa da Cultura da Cidade Vella, sito debaixo mesmo do xardín de San Carlos. Espertou grande expectativa e ‘La Voz de Galicia’ publicou fotos nas que se vía a sala ategida de público, cun comentario do seu crítico Ramón Patiño titulado ‘clamoroso éxito’ e saudaba a beleza do recuperado repertorio. Foi o primeiro monográfico adi-

cado a Cantiga Lírca Galera. Así o entenderon tamén os críticos Lois Rodríguez Andrade, que titulou ‘Éxito do Lieder Galego’ en artigo de ‘El Ideal Gallego’, e Xoan Manuel Carreira nun comentario laudatorio na revista especializada ‘Ritmo’, dándolle asemade a benvida á nova denominación.

\* \* \*

## ARTÍFICES

### Xoan Montes. 1840-1899

Con el empeza a xeira. Lugués, Xoan Montes tiña grande talento musical e formación recibida no seminario, que ampliou de xeito autidacta estudando a obra de Hector Berlioz. O que quere ser é compositor. Con todo iso acadada numerosos premios en Galicia, España e Cuba.

Montes toma de Rosalía ‘Doce Sono’ e ‘Negra Sombra’. Preséntaa a Certame convocado en Pontevedra. Curiosamente gaña a primeira e ‘Negra Sombra’ queda de segunda.

O vínculo da Coruña coa súa obra vai ser a publicación pola casa editorial ‘Canuto Berea’ das ‘6 baladas gallegas’.

\* \* \*

### Canuto Berea. 1836-1891

Na imprescindible invocación da figura de Canuto Berea Rodríguez hai que ter en conta dúas facianas. A do ilustre músico director de orquestra, violinista, pianista, ensinante e compositor e a do próspero empresario desde a súa tenda da rúa Real. A prolífica actividade da editorial dará a luz obras de fondo espírito nacionalista.

Canuto Berea Rodríguez, que foi alcalde da Coruña, dirixía a orquestra do Teatro Principal (desde 1909 co nome Teatro Rosalía de Castro), compoñía pezas instrumentais, mais eu prefiro suliñar a súa Cantiga Lírca Galega ‘Un suspiro’, sobre poema de Manuel M. González.

A noite que saín da patria miña  
na ventá che deixei posta unha flor

e despois de dar bicos ás paredes  
marchei vertendo vágoas de delor.

.....Audio

‘Un suspiro’  
Canuto Berea  
Manuel M. González  
Antón de Santiago, barítono  
Grupo instrumental

\* \* \*

## Pascual Veiga. 1842-1906

Nado en Mondoñedo, foi neno de coro e músico precoz. Gañou praza de organista en Santo Domingo de Betanzos e na Colegiata da Coruña.

Ten dúas obras inesquecibles: a ‘Alborada Gallega’, de tan suxestiva beleza, que remataron chamándolle ‘Alborada de Veiga’. O texto, do poeta e dramaturgo compostelano Francisco María de la Iglesia, é tamén peza fermosa e inspiradora.

Arriba que a Aurora  
comeza a pintar  
a luz que namora  
na terra e no mar.  
Deixade os leitiños,  
meniñas deixai,  
que os voso ollíños  
dan máis craridad.

Non hai que esquecer o papel que Veiga desenvolveu na Coruña, pois foi o fundador en 1882 do ‘Orfeon El Eco’ (a denominación de Orfeón, inspirada en Orfeo o mítico cantor por antonomasia, indica que o coro estaba formado, por razóns de prexuízos sociais, soamente por homes), logo convertida en Coral Polifónica El Eco, que ven sendo a máis antiga de España. E en 1889 colócaa no mapa das corais europeas ao

gañar medalla de ouro na Exposición Universal de París, onde o xenial compositor Camille Saint-Saëns lles regalou un diapasón de prata.

Mais cábelle a Pascual Veiga a honra de ser o autor da música de Himno galego, baseado no poema ‘Os Pinos’, de Eduardo Pondal.

\* \* \*

## **Eduardo Pondal. 1835-1917**

Ainda que non sexa máis que porque os dous crearon unha páxina poético-musical inmorrente, hai que situar a Eduardo Pondal a carón de Pascual Veiga, nados en terras lonxanas unha da outra coma Mondoñedo e Ponteceso, mais cinguidas por unha lingua e un sentir común, con espacio físico de converxencia na Coruña. Aquí asisten á tertulia de Carré Aldao, coñecida como ‘Cova Céltica’.

As súas dúas grandes obras son ‘Os pinos’, de onde sae o texto do Himno Galego, e ‘Os Eoas’ (tendo presente ‘Os Lusíadas’ de Luis de Camoens), na que canta a épica do descubrimento de América por Cristóbal Colón. É un dos primeiros en outorgarlle orixe galega, na liña iniciada polo pontevedrés Celso García de la Riega.

\* \* \*

## **Xosé Castro ‘Chané’. 1856-1917**

Con Castro Chané entramos nunha ricaz colleita de música cantada do Rexurdimento e vinculada a Coruña. Por el mesmo e polo poeta que lle serviu de inspiración, o grande vate Curros Enríquez, do que logo falaremos. Ámbolo sestán soterrados no cemiterio de San Amaro, segundo se mira á pena da Marola.

Establecido na Coruña, sucedeu a Pascual Veiga como director de ‘El Eco’. Ingresou como catedrático na Escuela de Bellas Artes no edificio Eusebio Da Guarda na praza de Pontevedra. Alí coincidiu cos profesores Isidoro Brocos e José Ruiz Blasco, e co estudante, fillo deste último, Pablo Ruiz Picasso.

Pouco despois os rectores do centro decidiron suprimir a sección de Música e Chané emigrou. En 1893 marchou a La Habana, donde foi profesor de música no Centro Galego e colaborou con outras entidades galegas.

En 1894 chega Curros Enríquez á capital cubana. Fanse amigos e colaboran na cre-

ación artística. Son cantigas líricas galegas que van quedar como referencias do Re-xurdimento.

Permítome salientar:

- Os teus ollos
- Cantiga
- Un adios a Mariquiña
- Tangaraños

\* \* \*

## Manuel Curros Enríquez. 1851-1908

Naceu Curros na monacal vila de Celanova. Confírmase como poeta cando gaña un certame poético en Ourense, xa regresado de Madrid, onde estudara.

O mesmo ano que salíu do prelo o rosalián ‘Follas Novas’, Curros publica ‘Aires da miña terra’. Alguns dos seus poemas déronlle problemas co obispado ourensán, que o denunciou. Foi condeado a cadea e a unha forte multa e á perda do traballo. Mais recorre perante a Audiencia de A Coruña, que o absolve.

Volve a Madrid, publica ‘O divino sainete’, e en 1894 emigra a La Habana, onde é redactor do ‘Diario de la Marina’. En 1904 torna á Coruña e con Murguía funda a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega.

Regresa en La Habana ao seu posto en ‘Diario de la Marina’. Morre alí o 7 de marzo de 1908. O 31 seguinte chegaban os restos á Coruña, cidade que o tiña engaiolado e á que cantara con fervor con aquel *‘Ouh meiga cibdá da Coruña... ¿Qué tes nese teu recinto/que tes pros que te visitan/que conocerte non poden / sin que deixarte non sintan?’* Os cidadans devolvéronllo cunha manifestación de dolo que foi calculada en 40.000 persoas. Está soterrado no cemiterio de San Amaro.

Por iso, cando Chané finou asimismo en la Habana en 1917, traídos os seus restos á Coruña e tamén levados ao camposanto de San Amaro, ‘A Nosa Terra’, escribía:

*‘No cemiterio da Coruña, perto de Curros, o seu irmán de raza, o seu compatriota, repousa xa para sempre o mestre Chané...’*

E aínda en 1934, en pleno vigor a república, se lle erixe un impresionante monumento en granito obra de Francisco Asorey e sito nos Xardíns de Méndez Núñez.

Voltemos ás cancións.

-‘*Os teus ollos*’ formula unha declaración de amor ou de admiración, con fermosas frases. A melodía é dunha inspiración superior. No eido formal é o que se chama un lied estrófico, a mesma música para todas as estrofas, como lle requería Goethe a Schubert.

-‘*Cantiga*’. Conta Curros que estando na mesma fonda en Madrid que o rapaz Cesáreo Alonso Salgado, natural de Trives (era o ano 1869), músico non profesional que tocaba a guitarra, comezou este a tocar unha melodía de nidia inspiración galega. Gustoulle e decidíu crear un poema para podela cantar. No intre aquel traballaba sobre o volume de Economía Política do profesor Colmeiro, e como non tiña papel a man, escribíu nas marxes do libro. Pasados oito anos escoita aquela canción en Ourense e decátase de que é a mesma que fixeran xuntos.

Cando Chané se atopou con esta música, que non quedara escrita por Salgado, pois non sabía facelo, tomou o tema inicial co texto de Curros e a partir de aí, como músico avezado, fixo unhas inspiradas variacións segundo pedía o poema.

Ofelia Nieto deixou gravadas ‘*Cantiga*’ e ‘*Un adiós a Mariquiña*’, da que faremos de seguido.

.....Audio

‘*Cantiga*’ -  
Ofelia Nieto, soprano  
Con acompañamento de orquestra.

-‘*Un adiós a Mariquiña*’ ten tamén a súa historia. O abogado que acadara a absolución de Curros era Luciano Puga Blanco, tamén celanovés coma el, e en agradecemento dedicoulle un poema á filla do letrado, María de la Concepción, co título ‘*A Mariquiña Puga. Despedida*’, pois ela marchaba para Cuba.

|                        |                          |
|------------------------|--------------------------|
| Como ti vas para lonxe | que a morte e o díaño    |
| i eu vou pra vello     | andan rondando as tellas |
| un adiós Mariquiña     | do meu tellado.          |
| mandarche quero,       |                          |

Deste fermoso poema fixo Chané unha canción paradigmática: inspiración melódica, adecuación ao texto e estrutura formal. En contraposición co lied estrófico, ven sendo un lied desenrolado.

.....Audio

‘Un adiós a Mariquiña’  
Antón de Santiago, barítono  
Maximino Zumalave, piano  
Recital en Santiago en 1983

-‘*Tangaraños*’. Hai na Galicia rural longa tradición, mestura de piedade e superstición, que consiste en ofrecementos a deidades, virxes e santos con vocación curandeira. En Piñor, en Ourense, hai un enorme penedo ao que se lle chama O Tangaraño. O tangaraño ven sendo un diaño maligno que a crenza popular pensa que posúe aos nenos que están raquíticos e deformes, ou porque os posúe están así. Son os ‘entangarañados’. Invoca a San Benito de Cova de Lobos e as madriñas pásanos polo oco do penedo agardando que ao saír o santo llo devolva sano. A oferta ten substancia, pois as xentiñas coidan que o santo ten bo apetito e lle ofrecen perniles de porco cebado. Unha personalidade coma a de Curros non podía deixar de satirizar tan recurrentes situacións. Escribú o poema ‘Tangaraños’, que retrata con potente xorne o engano de tales supersticións.

San Benito de Cova de Lobo  
ten no cume un penedo furado  
con tan rara virtude ortopédica  
que é o asombro do mundo cristiano.

Semellante peza de sátira relixiosa non podía ter mellor resposta musical que a que lle da Chané, sintonizando coa retranca que rezuma o relato e os personaxes. A velliña cáseque chorando e logo de botarlle en cara os perniles entregados remata: ‘Os meus nenos entangarañados, morren todos entangarañados’.



.....Audio

‘Tangaraños’

María José Ladra, mezzosoprano

Margarita Viso Soto, piano

Recital 16 setembro 2001

\* \* \*

## Xosé Baldomir. 1865-1947

Velaquí un coruñés que xa formado como músico e vocacional compositor, se une convencido ao movemento do Rexurdimento. A súa poeta de referencia é Rosalía de Castro.

Foi un ‘liederista’ convencido. Asemade compuxo unha zarzuela sobre libreto do dramaturgo e político compostelano Manuel Linares Rivas, titulada ‘Santos e Meigas’. Estreada no Teatro de la Zarzuela de Madrid en 1908, tivo 136 funcións.

Baldomir escribiu outra zarzuela, ‘A sardiñeira’, que se estreou no Teatro Nacional de Montevideo, sendo Alfredo Baldomir, familiar de Xosé, presidente de Uruguay. Púxolle música tamén ao poema narrativo de Curros Enríquez ‘A virxe do Cristal’, adaptada por Ramón Cabanillas, que non foi estreada.

Malia estar considerado o músico de Rosalía, as súas pezas máis populares son ‘Meus amores’ que foi estimada coma un himno nos eidos da emigración, e ‘Como foi?’, esta pola súa voz dramática, baseada no poema ‘¡Ai!’, de Curros Enríquez, no que o vate de Celanova lle conta debruzado diante do berce a unha bolboreta de aliñas douradas como morreu o seu meniño.

.....Audio

‘Meus amores’

*Dedicada a la ilustre  
escritora D<sup>a</sup> Emilia Pardo  
Bazán*

Antón de Santiago, barítono

Maximino Zumalave, piano

Recital en Santiago 1983

.....Audio

‘Como foi? -  
Antón de Santiago, barítono  
Grupo instrumental  
CD. ‘No bico un cantar’

\* \* \*

## NOVOS PULOS

### As Irmandades da Fala. 1916

As vicisitudes político culturais dispuxeron a un grupo de intelectuais temerosos dun devalo da forza que mediante o Rexurdimento acadaran a lingua e a cultura de Galicia, a crear unha agrupación á que chamaron Irmandades da Fala. Nela están os irmans Antón e Ramon Villar Ponte. A idea estendeuse ao resto de Galicia.

A respecto da lingua que pretendían defender, cultivar e espallar, pensaron nun singular vehículo para tal: o teatro.

Ademáis estaba a música, a liederística, da que falei antes, é dicir, a Cantiga Lírica Galega, e a teatral: Zarzuela e Opera.

E desta endeita quedanos unha ópera de formidable factura que recrea un tema da nosa propia historia. Trátase de ‘O Mariscal’. Naceu como obra teatral escrita por Ramón Cabanillas e Antón Villar.

A partir de aquí entra en xogo un grande compositor coruñés, o arquitecto

### Eduardo Rodríguez-Losada Rebellón. 1886-1973

Malia que como músico se consideraba un amator, tiña a formación, o oficio e a inspiración abundas para compoñer magníficas pezas instrumentais e cantadas.

Salienta a súa creación operística: nomeadamente, ‘O Mariscal’, con dramaturxia de Antón Villar Ponte, e versos de Ramón Cabanillas, ano 1929.

O tema de ‘O Mariscal’ non podía ser máis elocuente e reivindicativo. Sitúanos en 1483 na fortaleza de A Frouseira (á que cantaran Fanny Garrido e Marcial del Adalid), perto do Valadouro, defendida por Pardo de Cela, e preséntanos o episodio da traizón

que, no enfrontamento cos Reis de Castela, levou ao Mariscal a ser executado, co seu fillo, diante da catedral de Mondoñedo.

A ópera estreouse en Vigo o 31 de maio de 1929 no Teatro Tamberlick. Dirixiu o propio Rodríguez Losada. Asumiron os principios papeis Honoria Goicoa e Enriqueta Brandón, Jesús Arias e Fernando Navarrete. Os decorados eran de Camilo Díaz Ba-liño, pai de Isaac Díaz Pardo, e considerado o mellor escenógrafo galego, experto en decorados de zarzuela e ópera.

No ano 2010, co gallo do Xacobeo, o ciclo Galicia Classics recuperou a obra. Foi en versión de concerto coa participación da Orquestra Sinfónica de Galicia con Teresa Novoa, soprano, Pablo Carballido, tenor e Javier Franco, barítono. Tivo lugar no Te-atro Colón de A Coruña o día 19 de novembro de 2010. Dirixiu Joam Trillo.

\* \* \*

## **Mauricio Farto. 1867-1947**

Ainda que nado en Castela, a Mauricio Farto Parra compre citalo polo papel primordial que xogou na Coruña, onde chegou aos 25 anos.

Axiña está dirixindo a Coral Polifónica ‘El Eco’ e no mes de decembro de 1916 decide crear o seu propio Orfeón, ao que chamará ‘Cántigas da Terra’, coro galego xa centenario, do que formei parte cinco anos.

Por outra banda, Farto fixo unha xenial aportación da man do escritor Leandro Carré Alvarellos: as ‘Estampas de costumbres gallegas’.

\* \* \*

## **Mili Porta. 1918-1971**

Milagros Porta Siso, nada en Coruña, pianista titulada xa aos 14 anos. En 1931 xurdfu na Coruña unha agrupación lírica que levaba o nome de ‘Ofelia Nieto’, que acababa de finar prematuramente aos 31 anos, sendo unha das grandes divas do momento. Dirixía Mili Porta e Fernando Navarrete era o barítono solista e Mercedes Montero, a miña nai, a soprano solista. Antonio Santiago Alvarez ‘Nito’, o meu avó, era o secretario, e o meu pai un corista. ‘Nito’, ademáis de apropósitos e comedias, das que lle estrearon dúas as compañías de Ismael Merlo e Antonio Casal, tamén facía libretos

de zarzuela. Un deles chamábase ‘A Represa’: contaba historia de amor triangular que se desenvolvía entre palilleiras en Camariñeiro. Porta púxolle a música. Mais non se estreou ata 1983 no Teatro Colón coruñés en versión galega de Navarrete co título ‘A represa e o río’. Cantaron Paquita Parriego, Ricardo Muñiz e Antón de Santiago nos roles respectivos de Rosalía, Enrique e Norberto. Foi moi ben acollida polo público.

Aos 34 anos Mili Porta recibiu a Orden de Alfonso X.

\* \* \*

## **Andrés Gaos Berea. 1874-1959**

Nado na Coruña, membro da familia dos Berea, aos 10 anos xa gañou un premio como violinista. Fíxose concertista de grande éxito e percorreu Europa e América. Xa en 1930 estableceuse en Buenos Aires, sen deixar as xiras. Como compositor iniciouse en 1899 con obras para violín e piano (a número dous, unha muiñeira) e cancións.

Entre as súas obras de evocación galega, están a súa Sinfonía n. 2 ‘En las montañas de Galicia’, obra de grande beleza, grabada pola OSG, nun dobre Cd que integra a obra sinfónica de Gaos. Víctor Pablo tiña en moita estima a obra de Andrés Gaos.

No ano 1974, co gallo do seu centenario, un grupo de coruñeses amadores da música e da cultura galega, baixo a guía de Ramiro Cartelle, e con Xosé Manuel Rabón, Gustavo Díaz, Xose M. Vázquez, Sergio Rey, tamén quen isto escribe, creamos a Asociación Musical Andrés Gaos.

A grande aportación de Gaos á Música Clásica Cantada en Galego, foi ‘Rosa de Abril’, fermosísima cantiga lírica sobre o poema de Rosalía.

\* \* \*

## **SÉCULO XX**

### **Os Foráneos. 1951-1958**

A partir de 1936 todo o que supoñía o Rexurdimento esmorecía perseguido ou agochado. Cantaban os coros, en igrexas e festexos oficiais (‘El Eco’, ‘Cántigas da Terra’) e non podían cantar o himno.

A finais dos anos cuarenta salienta en Madrid o crítico musical Antonio Fernández-Cid, nado en Ourense en 1916. Sucedeu a Federico Sopeña na crítica musical no diario ‘Arriba’ ata que en 1952 pasou ao ‘Abc’.

Nese tempo pediulle a compositores españois que fixeran cancións baseadas en poetas galegos. Foron 12.

Anos máis tarde, en 1958, Fernandez-Cid acadou outro ramallo de cantigas, baseadas agora en textos de poetas ourensans.

Editadas nun tomo pola Deputacion de Ourense (1982)

\* \* \*

## Roxelio Groba e Groba. 1930

Esgrevio membro deste Instituto ‘José Cornide’, naceu na parroquia de Gulans en Pontearreas. En 1968 chegou a Coruña para facerse cargo da dirección da Banda Orquestra Municipal. Fíxose tamén cargo da dirección do Conservatorio, ao que lle dou novos pulos. Das súas clases de composición saíu un interesante grupo de xóvenes compositores. Dirixíu a Coral Polifónica ‘El Eco’ e a Coral ‘Follas Novas’, coa que estreou a cantata ‘Galicia Nova’, con texto de Iglesias de Souza, para solistas, coro e orquestra. Creou a Orquestra de La Coruña coa que presentou algunhas das súas sinfonías. No ano 1992 estivo no nacemento como compositor asociado da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Habería que salientar tamén, entre as súas obras de grande formato, ademáis da ‘Galicia Nova’ a ‘Gran Cantata Xacobeá’ do ano 1993, e ‘Cantigas do Mar’, para coro mixto e orquestra, con textos de Filgueira Valverde. E as cantigas líricas *Campañas do Tea*, *Canto de Berce* e *Ben te vin Cruña*, esta sobre o poema de García Ferreiro: ‘*se me deran a escoller eu non sei que escollería, se entrar na Cruña de noite, ou entrar no ceo de día*’.

O musicólogo Enrique Franco sitúa a Roxelio Groba na xeración do 51 de compositores españois.

Ten premios e distincions no seu haber, e a Fundación Groba e a Orquestra de Cámara Galega fundada polo seu fillo Groba Otero, están a espallar a súa obra.

\* \* \*

## Carlos López García-Picos. 1922-2009

Afincado á su volta de Argentina no seu Betanzos natal mantivo constante relación con Coruña, onde lle foron interpretadas moitas das súas obras pola Orquestra Sinfónica de Galicia e por grupos de cámara e solistas.

Cumpríu un papel importante servindo de guía na fundación da Asociación Galega de Compositores, da que foi primeiro presidente e na que inicialmente estaban Paulino Pereiro, Manuel Balboa, Manuel Mosquera, Juan Vara, Jorge Berdullas, Xavier de Paz e Juan Durán.

\* \* \*

### FIN DO MILENIO

Poderíase dicir que os ‘novos compositores’ veñen sendo os devanditos e algún máis, saídos boa parte deles da aula de Roxelio Groba no conservatorio coruñés, cunha ollada universal e inclinación ás tendencias estéticas do momento e pouco interés polo nacionalismo musical.

Non obstante, algúns foron sentindo a chamada. E así temos a *Paulino Pereiro* (1957), que publica unha colección titulada ‘*Cancions de aquí e de acolá*’.

*Manuel Balboa* naceu en A Coruña en 1958 e finou en 2004. Logo de estudar con Groba e Groba marchou a Madrid onde fixo música incidental para o teatro e bandas sonoras para o cine e dúas óperas de cámara. Gustaríame salientar a peza ‘*Dous poemas breves de Uxío Novoneira*’, que tiven a satisfacción de estrear no recital que gravei para TVE2, na capela do Hostal do Reis Católicos, do programa ‘Música y Músicos’ titulado ‘A Cantiga Lírica Galega’, acompañado ao piano por Maximino Zumalave, co gallo do Ano Europeo da Música e que foi emitido en xullo de 1985. Alí estaban os dous autores, que recolleron as congratulacións do público.

\* \* \*

## Juan Durán Alonso. 1960

Ao atopármonos con Juan Durán hai que calibrar ben a actividade deste compositor, que endebén naceu en Vigo, vive na Coruña desde que tiña 3 anos.

A súa primeira cantiga lírica galega data de 1992 sobre o poema ‘*Volvoreta*’ de Ramón Cabanillas; seguiuille en 1996 ‘*Un repoludo gaiteiro*’, sobre o texto de Rosalía de Castro, cantiga –non sei en que o autor estaría pensando– na que na partitura de Ed. Viso aparece dedicada a un servidor.

Rematando o segundo milenio chegaríalle un encargo que non podería rexeitar e que había marcar o rumbo do seu vieiro compositivo. O feito ten unha historia.

No verán de 1998 paseaba eu pola vila de Tlatepaque a carón da cidade de Guadalajara con dous colegas. De sócato, escoito que alguén me chama, alí e polo meu nome: ¡Antón!’. Vólvome. Era o profesor de filoloxía da Universidade da Coruña Xosé María Paz Gago, que estaba na capital de Jalisco para un Congreso de Semiótica.

Dime que a Sociedade Iberoamericana de Semiótica, da que é segredario, prepara un congreso dedicado ao Finisterre e á Fin do Milenio. Proponme que me encargue de artellar os actos musicais que acompañen ao evento.

Dándolle voltas, pensei que o acontecemento merecía algo máis cuns efímeros actos musicais. Tiña que ser algo que permanecese: ¡Unha Cantata! sobre tan suxestivo tema para solistas, coro e orquestra e que tivese 5 movementos.

De todos os novos compositores que coñecía, coidei que o máis idóneo para unha obra sinfónico-vocal era Juan Durán.

Antes de ter o texto, o asunto foise desaparecendo do proxecto semiótico e busquei a colaboración do concello. O entón xerente da Orquestra Sinfónica de Galicia, Enrique Rojas non víu mal o asunto e ofreceu que podería asumilo coma un encargo da OSG. O concelleiro de cultura, Xosé Luis Méndez Romeu, que estaba ao cabo, tamén aceptou. El propuña como autor do texto a Manuel Rivas. Non se daban as circunstancias. E xurdíu outro poeta: Miguel Anxo Fernán-Vello, que tamén aceptou con ilusión. Da súa pruma salíu un fermoso poema en alejandrinos titulado ‘*Cantiga finisterrae para múltiples voces de luz*’. A Durán chegoulle como a chuvia de ouro de Zeus sobre Dánae.

Víctor Pablo Pérez presentouna coa Xove Orquestra e Coro da OSG en outubro de 2000 e despois en 2008, o 2 de maio, coa Orquestra titular e o Coro da OSG reforzado polo de Cámara do Palau da Música de Barcelona, con Lola Casariego, soprano, e José Antonio López, barítono, nunha velada que incluía a 9ª sinfonía de Beethoven.

Esta obra quedou coma un fito no acervo da música de Galicia, pola calidade de texto e música, feitos na casa, da que permítanme que me sinta orgulloso por ser o seu impulsor.

Era e é un tesouro para nós contar cunha orquestra considerada xa daquela coma a mellor de España, un verdadeiro monumento sonoro. O que non fixo a OSG foi estreitar, malia o compromiso, unha obra tamén impulsada por min desde o Instituto de Estudios Torre de Hércules, como axuda á declaración do Faro como Patrimonio da Humanidade. Premíuse no concurso convocado pola Deputación da Coruña, cun xurado no que estaban Víctor Pablo, director da OSG, Sainz Alfaro, director do Orfeón Donostiarra, Alberto Zedda, director de Festival Rossini de Pesaro e Antón García Abril, compositor. Foi no ano 2004 e os autores eran Xosé María Paz Gago, do texto, e Tomás Aragüés, da música. Sería bo que a Orquestra Sinfónica de Galicia cumprise o compromiso e no próximo ano 2019, décimo aniversario da declaración, asumise o evento. Se eu lle podo pedir ao Instituto José Cornide que lle lembre ao Concello e aos responsables da Orquestra, velaquí queda.

Aquel mesmo ano 2008 quedáballe a Juan Durán outro evento persoal. A estrea da súa ópera ‘O Arame’, baseada en libreto de Manuel Lourenzo, esgrevia figura do teatro galego. Tivo lugar no Teatro Colón coruñés, dentro do LVI Festival de Amigos da Opera da Coruña, o 13 de setembro. Verdadeiramente outro fito.

Durán abordou asemade obras sinfónicas sobre tema galego: ‘Alborada de Noite e de Luz’, estreada por Víctor Pablo coa Orquestra Sinfónica de Galicia e o Orfeón Donostiarra, sen texto explícito, en maio de 2012 e nesa andaina fixo unha adaptación sinfónica de grande vo para unha xeira de cantigas líricas galegas que gravou a soprano chilena Cristina Gallardo-Domás, baixo o título de ‘Lela’ e coa Orquestra Gaos, dirixida por Fernando Briones. En 2017 a OSG estreou encargo feito por Víctor Pablo, que dirixía o concerto, a Juan Durán. Era para orquestra de nenos, xuvenil e de maiores, coro infantil e de adultos, titulada ‘Troula’, baseada en temas galegos. Foi unha estrea emocionante.

Ademáis das citadas anteriormente, Durán aumentou á súa aportación ao catálogo de cantigas líricas galegas, entre elas ‘Longa noite de pedra’ (Celso Emilio Ferreiro) para voz e violonchelo, encargo que lle fixen para o Recital Poético-Musical ‘Onde o mundo se chama Celanova’ que a Compañía Lírica ‘Ofelia Nieto’ fixemos no ano 2012.

En febreiro de 2018 gaña o Concurso de composición Reina Sofía.

\* \* \*



No eido de grabacions recentes de Cantigas Líricas Galega débese tomar nota das seguintes:

-‘Cantos que veñen de lonxe’, unha serie de poemas escritos en Buenos Aires en 1956 por Xosé Neira Vilas baixo encargo do tenor e compositor celanovés Xervasio Vázquez, que agora canta o tenor Cesáreo Torres co acompañamento pianístico de Alejo Amoedo 2014.

-‘Eugenia Osterberger. A compositora galega da Belle Epoque.1852-1932’. Libro disco de Rosario Martínez. Biografía e interpretación das súas melodías galegas por Susana de Lorenzo, soprano, con Beatriz López-Suevos ao piano. Eugenia Osterberger, Saunier por casar con François Saunier, director da Fábrica de Gas da Coruña. Era coetánea de Berea, Adalid, Chané, Baldomir, Veiga, e de Pondal, Murguía, Lugrís, Pardo Bazan. Foi publicada en Madrid, Paris e por C. Berea.

\* \* \*

## **Antón de Santiago Montero. 1944**

Xa que logo eu andei desde un intre providencial polo medio desta endeita marabillosa da música galega, gozando con emoción das belezas da poesía e da música cantada, non teño outra que falar non de min senon ‘desde min’.

Despois de aquel debut fixen moitos monográficos da cantiga lírica galega. Fíxenos en México, no Centro Galego do DF e no Museo Nacional de México, en Venezuela, na Hermandad Gallega de Caracas. E puíden levalos á Televisión, nos dous casos para TVE, na TV2 para o devandito programa de ‘Música y Músicos’ que estaba dedicado expresamente á Cantiga Lírica Galega, e no entón existente canal Vía Digital, nun programa dedicado á Música do 98, grabado na capela do Palacio de El Pardo, con Rupert Twine ao piano, e no que incluíu algunhas cantigas líricas galegas do inicial Rexurdimento. En 1994 cabeume a honra de levar a cantiga lírica galega á universi-

dade de Oxford, na capela anglicana do Queen's College, acompañado ao piano por Margarita Soto Viso, en xornadas de cultura galega auspiciadas polo profesor John Rhuteford.

Impregnado, abducido por esta música que tanto me gorentaba, fun sentindo o atrevemento de escribir eu tamén algunhas cancións.

Empecéi aló pola metade dos anos oitenta do século anterior con dous poemas en-gaiolantes: 'A Rosalía', de Curros Enríquez, e 'Canzón de cuna para Rosalía de Castro, morta', de Federico García Lorca.

Ao primeiro, que xa o musicara Baldomir sen variar o título orixinal, púxenlle '*No bico un cantar*', tomando os fermosos versos do final: '¡Ai do que leva na fronte unha estrela, ai do que leva no bico un cantar!'. O de Federico García Lorca era unha xoia dedicada á aquela musa dos pobos.

No ano 1990 fun quen de acadar apoio da Consellería de Cultura. Eu estaba perto, no palacete de San Caetano traballando para a Radio Autonómica Galega, a carón do que eu chamaba 'A Corte dos Milagres'. A idea era presentar as obras arroupadas cun arranxo semiorquestal a base dun cuarteto de corda, flauta, oboe e piano, que lle encarguei a Fernando V. Arias, daquela director do conservatorio de Lalín. En 1991 apareceu o Cd, titulado '*No bico un cantar*', publicado por José Antonio Couceiro na súa editorial 'Edigal'. Viña a ser unha escolma de cantigas líricas galegas e incluía '*No bico un cantar*' e '*Canzón de cuna para Rosalía de Castro, morta*' e tamén unha escrita para o Cd que Vázquez Arias quería adicar á Coruña, un melidense que xa se sentía coruñés. O título '*A Coruña é unha serea*', unha música á que me pedíu que eu mesmo lle puxera o texto. Foi un pracer tentar describir poéticamente á belida serea, como a denominou Wenceslao Fernández Flórez. Se cadra, nun acto coma este do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses estará ben escoitala:

.....Audio

'A Coruña é unha serea'

Texto: Antón de Santiago

Música: Fernando Vázquez Arias

Intérprete: Antón de Santiago

Grupo Instrumental.

Sen incidir en nada máis gustaríamete salientar que de este '*No bico un cantar*', o crítico musical de 'A Nosa Terra', dixo: '*Se este cantante e este disco non existiran habería que inventalos*'. Foi a primeira vez que apareceu o título '*No bico un cantar*'. Falágame que servira de inspiración a quen arestora o utiliza, sen máis, noutras andainas.

Paralelamente, no meu labor docente, como responsable da cátedra de canto do Conservatorio de A Coruña, ademais de ensinar aos alumnos a técnica e a interpretación expresiva para cantar a Ópera, a Zarzuela, o Oratorio e a Canción de Concerto, incluí nos programas, neste último apartado, a Cantiga Lirica Galega, tentando que os meus alumnos a tiveran no seu repertorio, algunhas delas, alomenos.

E tendo en conta, como xa dixen antes, que este xénero, para ser respetuosos, hai que o cantar con voz e estilo de cantante lírico. Os houbo moi convencidos.

Polo demáis segúin co meu pulo compositivo, paseniño paseniño, iso si, e fun facendo. E velaquí están as cantigas resultantes: '*Divina Rosalía*', sobre poema de do portugués Teixeira de Pascoaes; '*Na morte de Castelao*', de Ramón Cabanillas; '*Namóranse os dedos*' e '*A elegancia é un corpo*', de Miguel Anxo Fernán-Vello; '*Nao senlleira*', de Fermín Bouza Brey: este peza ten unha anécdota agaramiosa para min, pois cando ía ser o Día das Letras Galegas adicado a Bouza Brey, Luis Mariño, editor e director na TVG do programa cultural 'Etcétera', me pedíu escribira unha canción sobre un poema do poeta de Pontearreas y elixín '*Nao senlleira*', que é tamén título do libro; '*Cantar da túa tristeza-Cantar do camiño claro-Cantar da rosa desvairada-Cantar das dúas vilas*', do ciclo 'Catro cantares' de Ramiro Fonte, e '*Non convén chorar máis*', de Luis Pimentel. Todas elas, con '*No bico un cantar*' '*Canzón de cuna para Rosalía de Castro, morta*', están recollidas nun Cd publicado tamén por José Antonio Couceiro no selo Punteiro no ano 2000 e titulado '*Cantigas Liricas Galegas para A Fin do Milenio*', coa intención de sinalar esta modesta e constante creación desenvolvida no filo do novo milenio.

Pasados 17 anos, en 2017 acadei axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Xunta de Galicia, a traveso do seu titular Valentín García, para que as partituras quedasen impresas de cara ao futuro. E apareceu un libro que se titula '*Cantigas Liricas Galegas para Canto e Piano e outras pezas corais*'. Están as do disco e as que naceron despois, entre elas '*Airela*' ou '*Biquiño de Brisa*' un canto de berce que escribín para a primeira dos meus netos, Airela. Tiven tamén a humorada de escribir unha peza coral, texto e música, que se titula '*Pelariños da Estrela*', que trata duns extrarrestres que peregrinan a Santiago.

Aí xa fun parando, pero aínda este último ano 2017 me veu un regalo en forma de encargo. O meu prezado amigo Fernando López Acuña, sobranceiro investigador, propúxome compondor unha canción sobre un poema de Ramón María del Valle Inclán. Elixín '*Los pobres de Dios*' e velaí está publicada no nº 34 da Revista 'Cuadrante de Estudios Valleinclinianos'.

Gustárame que sonase aquí como despedida unha das Cantigas para a fin do milenio. Pensei en '*Nao Senlleira*', en recordo dun bo amigo, Fermín Bouza, finado re-

centemente, e ao que tiven ocasión de lle entregar unha gravación da obra escrita sobre o poema do seu pai.

.....Audio

‘Nao Senlleira’

Fermín Bouza Brey

Antón de Santiago

Barítono: Antón de Santiago

Piano: Juan Durán.

Desde aquí quixera pedir do Concello da Coruña e do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses un acto de recoñemento público do ilustre coruñés **Ramiro Cartelle**, finado no ano 2000. Queda ao longo deste discurso nidia constancia dos seus méritos.

O último e marabilloso galano para un coruñés de ‘tódala vida’ foi ser chamado a formar parte deste esgrevio Instituto, o que me honra.

Grazas moi cordiais a todos.

*Antón de Santiago*

A Coruña, maio de 2018

A CORUÑA NA MÚSICA DO REXURDIMENTO  
A Cantiga Lirica Galega  
Antón de Santiago

ÍNDICE

Antecedentes:

Padre MARTÍN SARMIENTO  
MARCIAL DEL ADALID- Fanny Garrido  
-Pedro Madruga-Inese e Bianca  
-Pablo Sarasate

A fonte

ROSALÍA DE CASTRO

O froito

A CANTIGA LÍRICA GALEGA.  
(Discos: Antonio Campó /Joaquín Deus)

Os artífices

XOÁN MONTES  
CANUTO BEREÁ-Manuel M. González  
PASCUAL VEIGA-PONDAL-Francisco de la Iglesia  
XOSÉ CASTRO CHANÉ-CURROS ENRÍQUEZ  
XOSÉ BALDOMIR- Rosalía de Castro  
ANDRÉS GAOS-Rosalía de Castro-

Novos pulos

IRMANDADES DA FALA. RODRÍGUEZ LOSADA.  
‘O Mariscal’-Vilar Ponte-Ramón Cabanillas  
-Mauricio Farto - Mili Porta

Século XX

OS FORÁNEOS. Mompou, Guridi, García Abril...  
ROXELIO GROBA E GROBA

A fin do milenio

PAULINO PEREIRO

MANUEL BALBOA

JUAN DURÁN

ANTÓN DE SANTIAGO

*-TVE2 Música y Músicos-1985*

*-Oxford – Iglesia anglicana Queen's Collage-1994*

*-Palacio del Pardo. Capilla-1998*

Contestación a cargo do Secretario-Conservador  
do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses  
**SR. D. FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ**





Miñas donas, meus señores, Antón de Santiago:

Ben dito estás que a música é algo máis que arte de combinar ritmos e sons, de intercalar melodía, nela tamén acouga a forza da terra, das paixóns, das ilusións, do ánimo, dun tempo e dos que a fixeron posible. E a iso estamos aquí. A música, dalgún xeito ponlle banda sonora a cada acontecer, ás nosas vidas e a este mesmo acto e neste mesmo lugar. Cada tempo, cada sitio e cada persoa co seu ritmo, coa súa música. Si acaso falla o xenio que saiba atopala.

Música e número sempre foron da man, matemática, ritmo, proporción, sabíanos ben os pitagóricos, os ilustrados e a masonería, inspirada naquela conversa de Platón na que sentenciaba, “*Dádeme un pobo de músicos e non quero gobernantes*”, algo que teño aprendido, escoitado e transmitido con certa teimosía grazas ao profesor, amigo e musicólogo Padre Xosé López Calo. Eses saberes e forza do espírito, a de anovar asuntos de onte, de mañá e de sempre é a que nos trae aquí.

Antón de Santiago non soamente fai e nos devolve memoria, e por iso de que o movemento se demostra andando, que da teoría se pasa á praxe, leva e transmite os ritmos do devalar e da bendición do seu faro milenario e dese vento que fai bailar o cataventos do Obelisco da cidade herculina, a que conmoveu e por algo cantou o celanovés Curros, quen fixo da Cruña parada e fonda eterna.

A cidade da Coruña ben rimou co neoclasicismo, coa Ilustración, co racionalismo, coa crítica da razón e coas ansias de saber ás que abriron á Revolución Francesa. A Biblioteca do Real Consulado é sagrario gardadora daquel espírito volteriano, liberal de canto contaremos aquí. Algo que viña ben dado polas xentes do mar, afeitas a odiseas, a arribar ancoras ou a pousalas, mareantes que por algo teñen como padroeira á Virxe da Estrela, Estrela do Día, Santa María, como Venus venerada en Colexiata, ergueito templo no alto desa croa que configura a Cruña.

As estrelas orientan na incerteza do océano, sinalan rutas, móvennos entre xeometrías, pitagorismos e velaí un xeito de ritmos, de poético pentagrama, toda unha artesanía e ciencia saída do diapasón do mar: industrias de teodolitos, alidades,

compases, artefactos pra luz dos faros, reloxos ou simples e artesanías, carpinteiros, cordaleiros, redeiras... os que tamén pro seu trezado supoñen a habilidade da xeometría, o ritmo e arredor deles cantares. Así é que na Coruña o mar impón e imprime na vida un xeito de ser. Cánta o mar a súa calma e a súa ira, cántanse os pregóns, cantouse máis do que se canta nas tabernas, nas obras, nos templos, nas festas ou nas despedidas. E nesas estamos aquí, pra contar a historia do canto noso.

O *Instituto Cornide de Estudos Coruñeses* nace coa necesidade de servir á sociedade, de por a salvo aquilo que pode perderse, de estudar e divulgar documentos e reconstruír a Historia da Coruña, de poder contribuír como órgano consultivo das administracións para asentar e garantir os principios liberais e democráticos que dende a razón sempre caracterizaron á cidade portuaria, "... *cabeza, garda, chave, forza e antemural...*" colectivo que asume a prioridade de ter entre as súas seccións a de música, esa arte que sempre caracterizou á cidade. Abrimos pois as portas e celebramos a un tempo a un músico e musicólogo de pura cerna coruñesa, que soubo seguir a conciliar e orientar ventos populares e cultos que por aquí sempre se conxugaron, tamén en ritmos musicais.

## Formado cos ritmos do faro milenario, na tradición teatral e musical da Coruña

E como manda o protocolo para actos como este pousaremos nas inquedanzas de Antón de Santiago Montero: leal ao seu tempo, a súa terra, ás súas tradicións, aos seus profesores, aos amigos, a Coruña, a Galiza, mesmo aos sitios e cafés de sempre, entre eles o *Sheraton* nas ilustradas casas de Paredes, aberto ao porto. Ben en curtido e adicto ao ritmo dos ventos e ao xirar do faro milenario nas noites cambiantes, as que outea o seu barrio do Monte Alto. Formado na *Grande Obra de Atocha*, a golpe e bater da campaña de don Baltasar Pardal, logo nos Salesianos e nun instituto con soleira. De mozo encetou e deixou os estudos de dereito pra dedicarse ao que leva nos xenexes, a voz, a música e o teatro, pois era neto de Santiago Álvarez, "*Nito*", algo do que sempre se gabou, o avó capaz de esconxurar represións e medos de posguerra, cousa que fixo, primeiro e aínda como neno formando parte do seu elenco, xa de mozo e sempre reavivando a tradición dos *apropósitos*, ese xeito de zarzuela coruñesa para o tempo retranqueiro do Entroido, sutil desfogadeiro, recomendable tamén pra todos os públicos. Por outra banda e moito ten que ver nas súas aptitudes é ser fillo de Mercedes Montero, quen fora tiple da "*Agrupación Lírica Ofelia Nieto*", onde a zarzuela e a opera era tema cotián que marcaba altas metas e ilusións. Orixe seguídas

dun longo recorrido que o cargará de experiencias: pasa pola agrupación “*Cantigas da Terra*”, despois pola polifónica “*El Eco*”, auténticas universidades de canto e tradicións inseparables da Coruña, membro tamén de “*Téspis*”, que tanto significou no teatro galego. Traxectoria que o empuxa a ingresar no *Conservatorio Profesional de Música e Declamación da Coruña*, onde as profesora Honoria Goicoa e María Luisa Durán Marquina deixaran nel fonda inesquecible pegada. Nos anos setenta participa como actor co grupo de teatro do “*Facho*”, entón dirixido por outra gran personalidade dentro das tradicións musicais da Coruña e a quen queremos reivindicar e homenaxear aquí, Ramiro Cartelle. Grupo que será dirixido despois por Xosé Manuel Rabón, con eles creará a “*Asociación Musical Andres Gaos*” dedicados a divulgar a obra do celebre músico coruñés e conmemorar o seu centenario. Traxectoria de teoría e praxe combinada nimbada de perdurables esencia coruñesas.

Antón de Santiago é autor e compositor de letras de cancións galegas, moitas que aínda garda nas gabetas da súa timidez e velái como xunto con Cartelle, no 1971 e 72, presentaron e gañaron o *Festival de Mondoñedo* con “*Rosiñas*” e “*Falareite de amor*”. A súa atracción pola lírica fixo que —cando María Luísa Nache se fixera cargo da *Cátedra de de Canto do Conservatorio Coruñés*— Antón de Santiago retomara os estudos de canto lírico, pra un 3 de abril do 1974 debutar no salón de *Actos da Casa de Cultura do Xardín de San Carlos* cun recital de música realizado baixo o epígrafe de “*Cantigas Líricas Galegas*”, novamente acompañado ao piano polo seu amigo Ramiro Cartelle, faríao cun repertorio de autores que mesmo hoxe traemos aquí: Chané, Baldomir, Berea, Montes, Lens, intercalando arias e romanzas de zarzuela galegas, xunto cos novos xeitos de música, mesmo sumando a cantata “*Nova Galicia*” de Roxelio Groba. Canto vimos dicindo circunscríbese en que Antón de Santiago leva na fronte e no bico un cantar que nunca deixou e no que segue como especialista.

No 1977 será bolsreiro de “*Musica en Compostela*” para un curso de interpretación con María Orán. Admitido na *Escola Superior de Canto* onde estuda técnica vocal con Marimi del Pozo; de técnica vocal con Ana María Olaria e con José Luis Alonso de escena lírica, así como de interpretación estilística con Felix Lavilla e Miguel Zanetti. Base para que no ano 1978 actúe como tenor en xeira por diversas partes de hispanoamérica, experiencia que serve a un tempo para por a proba e autoconocer as súas posibilidades, así como para reformular a súa textura e volver ao rexistro baritonal, todo o que supón novos repertorios.

No 1983 no *Teatro Colón* da Coruña representa a zarzuela con libreto da autoría do seu avó, Nito, “*A represa e o río*”, versión galega feita por Fernando Navarrete e con Mili Porta como autora da música. Igualmente baixo a dirección de Miguel Narios interpreta “*Macbeth*” esta vez será no *Teatro Español de Madrid*, a un tempo que

a súa presenza se fai imprescindible en encontros de recitais poéticos, como aquel realizado baixo o título de “*No bico un cantar*” sobre textos de Rosalía, como tamén o da autoría de Rafael Dieste, “*Un profundador na fiesta*”.

No 1984 recibe o Primeiro Premio no II *Concurso Nacional de Canto* celebrado en Logroño, veráns nos que actúa nun ciclo referente “*Las Noches de la Ciudad Vieja*”, acompañado ao piano por Maximino Zumalave.

A principios de 1985 acepta a chamada para colaborar na posta en marcha da *Radio Autónoma de Galicia*, aceptará e realizará a primeira revista radiofónica baixo o nome de “*A Peneira*”. Logo pasará a ser o responsable da Sección de Cultura de devandita emisora, impulsando a creación do *Cadro dramático da RAG*, encargado de levar á interpretación radiofónica obras teatrais de autores galegos. Actividades que realiza sen deixar a de concertista, sempre experimentando as súas posibilidades, a un tempo que profundando na teoría na, praxe e na historia da técnica vocal, así como da interpretación do canto lírico. Devoción e profesión movida polo ánimo de converterse en pedagogo do canto, sendo esta a súa verdadeira vocación.

No curso 1989-1990 e despois dunha intensa xeira por México, abandona a emisora da Radio Galega, incorpórase entón ao curso como profesor de canto do *Conservatorio Superior de Musica de Santiago*. No cursos 90-91 imparte clases no *Conservatorio Estatal Superior de Música de Vigo*, ano no que publica unha obra fundamental sobre técnicas do canto, “*Voz e canto*”, editado pola *Dirección Xeral de Política Lingüística*.

Tamén no verán de 1991, por concurso oposición, accede a ser o primeiro profesor de canto dos Conservatorios Estatais de Galicia, incorporándose ao *Conservatorio da Coruña*, onde desempeña e anima a xefatura do *Seminario de Canto*.

As actividades de Antón de Santiago veñen motivadas por un fondo compromiso con Galicia e coa súa cidade, mesmo coa súa profesión e coas súas afeccións literarias ou periodísticas, dándolle a canto fai unha pegada humanista. Dentro destas pautas velaí as súas colaboracións co semanario deportivo “*Riazor*” onde asinaba co pseudónimo de *Tonecho*. Sen deixar de man o seu, a crítica musical, sendo neste colaborador de “*La Voz de Galicia*”, de “*El ideal Gallego*”, así como o “*Diario 16*” de Madrid, entre múltiples revistas.

No 1994 publica o que para el quere ser un homenaxe debido e urxente, trátase da biografía necesaria da compostelán “*Ofelia Nieto, una gallega en el Olimpo del Belcanto*”, filla de “*Nietño*” personaxe de “La casa de la Troya”.

Na lealdade á tradición musical e aos seus devanceiros, dende 1983 Antón de aniago recupera pra cidade a singularidade teatral dos *apropósitos* coruñeses, modalidade propia do tempo de Entroido, nacida a finais do século XIX no *Circo de Artesáns*,

couto popular, escenario que enmarca moito de canto se conta neste discurso, e hoxe espazos merecedores dun futuro digno, acorde coa historia da Coruña. Tradición que viña herdada do seu avó Nito, un xeito de zarzuela local na que se fura, de xeito tranqueiro na crítica política, social pra facer historia daquel período de transición da ditadura á democracia. Actividades que realizará dende o grupo nacido no 1987 para tal fin a “*Compañía de Apropósitos Nito*”, do que é director, actor e creador dos textos cantables e da música. Ao respecto no 2017 o Concello da Coruña publica unha obra de Antón de Santiago necesaria para o coñecemento e a revitalización das tradicións coruñesas do tempo de Entroido, “*O apropiósito coruñés, unha ollada dende dentro*”, na que se fai memoria desta modalidade do Entroido coruñés. Publicación argumentada na historia desta modalidade de Entroido, dende o seu nacemento na metade do século XIX, pasando pola súa idade de Ouro no primeiro terzo do século XX, seguida do paso pola ditadura, polo ambiente entroideiro da rúa da Torre, no nacer da democracia, a recuperación no 1983, o Entroido programado polo concello, 1995, a modalidade dos apropiósitos radiados, os premios ás tradicións festivas, e así, ano por ano até o 2011.

## A Coruña, que abre camiños de luz no océano, propicia a un Rexurdir do “Nós plural

A historia de Galicia, por si mesma, xa ten banda sonora propia, natural, ritmos de vento e ondas, rumor dos verdes pinos de escuro arume arpado, ritmos do devalar dos faros, do tanxer do cicel dos canteiros, nas maías da sega, do bater dos tarabelos, o ron ron das rodas sobre os rodicios dos muíños, o petar dos mazos dos batáns, das forxas, esa pandeirada, foliada do traballo cosida noutroira co renxer gaiteiro dos carros... tamén sumaron as relacións portuarias e as chegas musicais vidas polos camiños da rosa dos ventos. Poucos países houbo máis cantores, de amor, de escarnio, maldicer, panxoliñas, vilancicos... e velaí aos trobeiros e soldadeiras... Asunto ben sabido, practicado e transmitido pola susceptibilidade romántica, buscadora do Nós plural, ma-xestático que nos implica en pasados e presentes.

Non podía ser doutro xeito, Antón de Santiago quere entrar e abrir camiños neste Instituto Cornide de Estudos Coruñeses, sobre un tema que debuxa e no que se circunscribe a súa vida “*A Coruña na música do Rexurdimento. A cantiga lírica Galega*”. Traballo-homenaxe a músicos, a musicólogos, a poetas, a cancións, a críticos e ao público da música, homes e mulleres que definen a calidade cultural dun tempo. Xeito

este de manter ao marxe os esperpentos, algo ao que somos tan propensos, motivado pola crise identitaria.

Hoxe aquí, nestes confíns atlánticos no que se dicía *País do río Leteo*, onde en himno teimamos en versos que suplican con teimosía “*non des a esquecemento*”, esconxuramos a desmemoria. E mesmo quixeramos facelo con esa “*dobre oralidade*”, que di Antón de Santiago, verbal e musical, máis deixámolo pra el. Seguimos pois as pautas dunha historia coruñesa e dun tempo alboreiro no que se debuxa, case tamén en pentagrama urbanístico, a cidade da Coruña. Cidade aberta aos ritmos do faro milenario, de horizontes, de porto e portas abertas, disposta a recibir, a aprender e a dar. Discurso este que quere ser homenaxe e agradecemento a historiadores por esa permanente dedicación a clarexar a brétema da historia musical da Coruña, si ben moito aínda durme en arquivos da cidade, o do *Real Consulado*, os das academias de Belas Artes, da Galega, da Deputación, do Concello, das agrupacións culturais e musicais, do Circo de Artesáns, unha e outras merecedoras de maiores atencións para garantir a conservación, o estudo e a divulgación de semellante legado e fonte de recursos .... Mesmo servidor, arqueólogo de devoción, pedagogo pola necesidade de selo, coa misión encomendada hoxe e coa ansia de transmitir, de dar resposta e complementar o escoitado de Antón de Santiago, a fin de comedir a orixinalidade, sírvome da documentación á que teño accesibilidade, neste caso a dos fondos musicais da *Real Academia Galega de Belas Artes*, institución moi atenta á creatividade musical galega que caracterizou á Coruña nos dous últimos séculos.

Como nos di Antón de Santiago, nada mellor que volver a un tempo ao que conduce a Ilustración e o trunfo da razón, da crítica, volta a un humanismo cos pes no “humus”, caracterizado polas ansias de saber, compartir e transmitir, volta e trunfo da filosofía. Son os anos dos grandes músicos de centroeuropa. Tempo que abre as portas ao historicismo romántico. Galicia non é allea a este acontecer, a cidade portuguesa do Porto é un referente aberto ao acontecer, urbe que despunta en Europa, á que acoden moitos intelectuais galegos para recibir modas a través das súas librerías, parladoiros... e máis se saberá aínda cando se fendan traumas e prexuízos raianos para abrir e aproveitar a singularidade do *Rexurdimento Galego*.

Neste traballo de Antón de Santiago os precedentes ensaríllanse na espiral da historia e refírese, como debe ser, ao ilustrado bieito Martín Sarmiento (1695-1772), quen dicía que sabemos máis do mundo que da nosa propia terra para dedicar a súa vida a abrir camiños nas ciencias, as que fan madurar un país. De seguido o noso estudoso da un salto ao compositor coruñés Marcial del Adalid (1826-1881) e non sobra lembrar a internacionalidade da súa vida e da súa obra, que caracteriza as inxerencias dunha terra e deste tempo.

Son anos nos que se afonda nas causas e efectos da marxinação, a aculturación, da crise de identidade, ama de cría da degradación, nai da esperpentización. Como resposta aparecen grupos de intelectuais que aportan novas ansias pra recuperación integral do senso orixinario da cultura, comezando pola fala, as verbas, os sons, as músicas, a creatividade. Non se trata unicamente dun fenómeno cultural coutado en círculos de sabios, trata de incorporarse e implicar a toda a sociedade. Entre os simbólicos precedentes pesaba aquel 2 de marzo de 1856 cando no Convite de Conxo, entre universitarios, profesionais e obreiros, se agoiran alboradas e, todos xuntos, brindan por un futuro mellor para Galiza. Asítese que todo depende das circunstancias económicas e sociopolíticas. Insístese en que dende o século XV, o idioma castelán é o do poder oficial, namentres que o idioma galego quedaba relegado ás clases explotadas, xornaleiros, segadores, criados, arrieiros, amas de cría, emigrantes, xente do desacougo... á forza a crítica da razón conduce ao análise da desigualdade, resultados que xustifican as aspiracións patrióticas, ou *matrióticas* galegas, esas ansias de anovación que abren a un rexionalismo singular. Movemento precursor a nivel mundial e que, a pesares das ambigüidades, os medos e as sombras que mesmo descubrimos nos primeiros xogos florais (1833-1861) van levando a marcar diferenzas no sentimento romántico pra abrir e trazar as bases do nacionalismo galego. Os medios de comunicación comezan a ocupar un importante papel difusor –que culmina hoxe, coas novas tecnoloxías– na información e na formación, na educación. O creador daqueles anos para estar en vangarda ponse ao servizo de Galiza, e fáino para que esta recupere o seu ser fronte á indiferenza da ideoloxía dominante, centrada no servilismo de ateneos e aduladores círculos cortesáns, a Coruña como un pequeno Madrid, reproduce tamén este acontecer.

O movemento romántico galego coñece as pautas europeas da época, o que pasa en Irlanda especialmente, sentimentalismo, liberdade, patriotismo, subxectivismo, tramado sociocultural no que non faltan filósofos, poetas, escritores que escriben en castelán e que irán entrando na inmensidade cultural de Galiza. Si ben o Rexurdimento Galego aséntase, dende bases non oficiais, no asociacionismo e nos faladoiros de intelectuais, como a “*Cova Céltica*” con base nas pescudas modernistas dublinesas. Movemento sen capacidade económica, nin política, vencellados na ansia de recuperar solidariamente, pra “redimir”, a través da divulgación e da sensibilización. Entre os temas está a historia, as tradicións e mitos arredor de figuras senlleiras como Pedro Madruga, Pardo de Cela, María Pita, María Castaña... mesmo a teoría do Colón galego...

Representativo é que dentro das ansias medievalistas que caracterizan o romanticismo español, se descoñezan as músicas, letras e circunstancias dos cantigueiros ga-

laicos do medievo, pra que, no 1886, sexa Antonio de la Iglesia o divulgador do Cancioneiro da Vaticana quen dará conta daquel renacer e será en *El Idioma Gallego*. O saber, as inqedanzas e a teimosía de don Don Manuel Murguía, casado en Madrid, con Rosalía de Castro, un 10 de outubro de 1858, estaban detrás de moitas destas iniciativas. Non temos máis que ler as súas cartas, os seus textos, cargados desa insistencia en buscar Galiza por todos os eidos, de recoller o que se perde e adultera, de anovar sobre bases da tradición. Asímesa que é a xente moza en quen está o futuro, a que toma o relevo para seguir nun proceso de maduración que abrangue todo o proceso cultural, e como non a música, a que en Galiza tivo grandes valedores nas agrupacións corais e musicais. E velaí toda unha fervenza de produción literaria en Galego á que no 1863 abre a publicación de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*, base pra moitas músicas.

Movemento no que queda constatado que cada tempo deixa en Galiza pouso e cicatrices, dende a mesma prehistoria, das relacións a través do mellor camiño, o mar: o Megalitismo co que aprendemos a capacidade do ser pra domesticar a paisaxe, ás plantas, aos animais e aos mesmas bandas de seres humanos... a cultura Castrexa, que inzou de poboados este confín pra explotación dos metais, do ouro, o estaño, o ferro e pra abrir camiños... a romanización que configura un territorio, unhas estruturas que constitúen a Gallaecia, triangulada nas xurisdicións de Astúrica, Lucus, Bracara, para dar orixe a un Reino, o Suevo, logo ser capaz de crear en Compostela, arredor das reliquias que se din do íntimo de Cristo, un atractivo foco cara ao que abren camiños que configurarán Europa, dando paso así a un insatisfeito Reino Galaico-Leonés, os inicios dun imperio, capaz de crear as primeiras cortes democráticas, onde os templos con música e cánticos apaixonaban pra misións en nome de Deus.

## Entre as bandas sonoras, cultas e populares, de cada tempo e en cada espazo da Coruña

A Coruña nace e medra pola súa privilexiada e acolledora baía, pola súa vocación portuaria, decidida a recibir e abrir portas ao mar, cidade cosmopolita onde nunca faltaron tabernas de simple mostrador e cubas organizadas, tampouco salóns, teatros con piano nos que convocar e expresar morriñas, soidades e dar renda solta a contos e cantares que un leva de bardo céltico... Non esquecerá a historia da Coruña aquel incendio que na noite do 3 ao 4 de xaneiro de 1867 reduce a cinzas o seu *Teatro Principal*, emporio local da Opera. Suceso que, pola contra, provoca o au-



mento das actividades teatrais e musicais a realizar no *Novidades*, na rúa da Franxa, a un tempo que se aceleran as obras dun novo teatro. Anos nos que aumentan e perfecciónanse as bandas de música populares, as dos cuarteis militares, até catro, de bombos e trombóns... unhas e outras dirixidas por ilustres músicos militares, condecorados moitos deles, Francisco G. de Oliva, Martín Fayés, Xosé Braña Muíños, Xosé Santos Soeiras... Tamén as crónicas refírense ao aumento e éxito dos festexos das xentes do mar, dos gremios de artesáns, as festas cíclicas con cánticos de Nadal, a Candeloria, Entroido, San Xoán... así como das solemnes liturxias eclesiásticas, sometidas fundamentalmente ao gregoriano, á musica de órgano... Cidade afeita a solemnes ou populares recibimentos e despedidas portuarias, onde non faltaba o canto e a música, de gaita e bombo pra o exterior. Esplendor da segunda metade do século XIX, con todo o que supoñen as transaccións e a ampliación portuaria, cidade que non chegaba aos 50.000 habitantes, experimentando gran avance cultural, artístico, musical expresado en colectivos e asociacións como el *Círculo de Gimnasia y Esgrima*, o *Liceo Artístico Bretón de los Herreros*, o *Casino Coruñés*, o Liceo Brigantino, *Tertulia la Confianza* (logo *Nuevo Club*) *Tertulia de Amigos Lope de Vega*, a *Sociedad Artística y Literaria*, *La Lira Armónica*, *Ateneo Coruñés*... e sobre todo a *Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos*, todas elas son boa proba das inqueданzas e do movemento literario coruñés. Movemento ben expresado arredor de dúas figuras tan diferentes nas inqueданzas, a un tempo que representativas da época como Manuel Murguía e a Pardo Bazán. O 1847 marca o inicio da actividade do popular *Circo*, no que, como en moitos outros círculos culturais, primaba o ambiente musical, a ansia pola creación dunha Sección Musical, contando coa colaboración de grandes mestres como Felipe Bascuas, Canuto Berea, Xoaquín Lago que mesmo foi director do *Gran Teatro de Opera de Londres*. Proba deste florecer é que no 1877 había na Coruña mais dunha ducia de profesores de solfexo. A presenza no Circo, un 13 de xaneiro de 1852, dun mozo Pablo Sarasate, fillo de pai militar desprazado á Coruña, don Miguel, amigo e asesor de Sebastián Berea e quen anima a aquel neno para que estude violín e farao con clase co concertino e propietario de ultramarinos Blás Álvarez, alumno, a súa vez, de José Courtier. Son estes os inicio dunha saga de profesores de música con repercusión non so na Coruña, de alumnos tamén pensionados pola Condesa de Mina. Sobranceiro era entón o grupo coral do *Liceo Brigantino*, en procura dun orfeón. Namentres que o *Circo* tiña sonda pola súa orquestra, tendo como profesores aos irmáns Manuel e Canuto Berea, a Xoán Lima, Xurxo Yáñez, Xoan Xosé Siskar, Xoaquín Lago, Felipe Bascuas, Francisco Pillado e Xosé Doncel quen pasa a Barcelona para ser primeiro *violín das mellores orquestras catalanas*. Auxe musical constatado en que no 1875 eran abundantes as revistas musicais

“*la Muiñeira*”, “*la Lira*”, “*El Solfeo*”, “*El Eco musical*” fundado por Varela Silvari (Coruña 1848-Madrid 1926), figura importante no renacer cultural, inicialmente asociado ás comparsas de Entroido, preocupado pola música, a súa didáctica, o periodismo... Ao respecto a *Real Academia Galega* é gardadora dunha curiosa autobiografía de Xosé María Varela Silvari, na que di ser autor de máis de 800 obras, boa parte en galego, entre elas o himno “*Gloria de Galicia*” dedicado á *Junta de Defensa de La Coruña*” con letra de Galo Salinas, director da banda de música de Carballo, organizador dun primeiro orfeón coruñés, en Madrid director do *Orfeón Normal*, entre outros.

Son anos de intensos parladoiros, como o que tiña lugar no Pazo de Longara en Santa Eulalia de Liáns, onde traballa un dos mellores músicos da España do XIX, Marcial del Adalid, formado en Londres e cunha vida moi propicia ao cultivo das artes, que conxuga coa súa dona, Fanny Garrido, a que asina os seus artigos co pseudónimo de Eulalia de Liáns, vida moi centrada naqueles románticos espazos, o que acontece até a morte deste un 16 de outubro de 1881. Autor dunhas 400 obras, moitas delas inéditas, entre as que están “*Cantares nuevos y viejos de Galicia*” con letras de Fanny Garrido, hoxe custodiada na Academia Galega, entre eles o “*Canto de berce*”.

A fins do XIX brilla outro dos grandes músicos galegos do ciclo coruñés, Canuto Berea, nacido un 19 de xaneiro de 1838 e que viviu un ambiente propicio á música arredor da tenda dos seus pais na Rúa Real, lugar de encontro e parladoiro de música. Casa e familia moi vinculada ao *Circo de Artesáns*,. Canuto foi director da orquestra do *Teatro Principal*, director tamén do coro do *Liceo Brigantino*, impulsor das bandas de música populares, autor da coñecida muiñeira “*La Alfonsina*” para piano e a que lle valeu ser condecorado coa cruz de Carlos III. Foi alcalde da Coruña. Finou un 23 de febreiro de 1891.

Un dos grandes impulsores da música e da musica galega na Coruña foi Pascual Veiga, que xa no 1875 organizou o primitivo *Orfeón Coruñés*, pasando logo a dirixir o *Liceo Brigantino*, despois o “*Pacheco*”, en homenaxe ao seu profesor en Mondoñedo. Musico ao que no 1889 o goberno francés concede ao autor da Alborada, as palmas Académicas polas súas actuacións no Trocadero de París dirixindo ao *Orfeón Coruñés*, galardoado tamén con *Medalla de Ouro* na exposición mundial da Cidade Luz.

Na Coruña aparecían e desaparecían agrupacións musicais, como *Aurora e Nova Galicia*, sometidas a concursos nos que non sempre eran premiadas, motivando o conseguinte desánimo nos seus pretensiosos directores e susceptibles membros. Modelo de constancia foi “*El Eco*”, nacido no 1882, agrupados e dirixidos baixo a batuta de Pepe Chané. Xosé Castro Chané formado na música dende neno, apaixonado polos efectos harmónicos, polo manexo das voces, sempre ansioso de formar coros, femini-

nos, infantís, relixiosos tamén, como o da catequese da parroquial de Santiago, chegando axiña a ter sonda en Galicia, en España, Barcelona, Madrid, Porto... e mesmo premiado en París. *El Eco* non soamente conservou as esenciais musicais da Coruña, senón que foi unha auténtica universidade de valores tradicionais galegos. Na memoria están os seus directores Sánchez, Veiga, San José, Baldomir...

Ambiente finisecular no que se conta tamén coa *Orchestra do Circo de Artesáns* ou a mesma do *Regimiento de Zamora*, asentado na Coruña, premiados en numerosas cidades, a un tempo que se constituían outros grupos musicais, como a *Tuna do Sporting Club*. A música relixiosa non gozaba dos seus mellores momentos, algo asumido na sociedade de entón, mesmo a prensa reclamaba a tradición do órgano nos templos, cuestións ás que non foi alleo o músico nacido na cidade Vella, vinculado á Colexiata e a Santo Domingo, don Angel del Castillo Ogando (1861-1935), director de orquestra e da capela de San Xurxo no 1896, sen lograr a conseguir o que noutras partes do mundo elevaba o sentimento musical relixioso. A música relixiosa estaba na parte oposta ao sentimento profano, de todos xeitos, moitos deles eran músicos máis novos, formados naquelas catequese e que recoñecen a súa introdución á música naquelas corais, así deixa testemuña Adolfo Anta Seoane ou Eduardo Rodríguez Losada que compuxo e montou operas, como a cantante María Luísa Rodríguez Nache ou o pianista Rafael Vazquez Sebastía.

Son os Inicios do século XX, cando tamén se forma na Coruña un adolescente, creador que mudaría nos so as formas, senón o xeito de ver e de sentir, de pensar, Pablo Ruiz Picasso. Momentos que abren aos “ismos”, ao Modernismo, cando se asume o que significa a orixe como marca de orixinalidade que nos define, as singularidades que aportamos ao universo.

Alicerces de pasado que no ano 1916 dan pe á creación das *Irmandades da Fala* e do seu órgano de expresión, o xornal *A Nosa Terra*, páxinas nas que alborean novas esperanzas que abranguen canto significa a sensibilización de Galiza e que avivan a historia dos vellos músicos para abrir a novas formas musicais.

Canto dixer e complementan o discurso de Antón de Santiago son datos extractados dun discurso pronunciado por Adolfo Anta na Coruña un 24 de abril de 1948, agora entre os valiosos fondos documentais musicais da *Academia Galega de Belas Artes*.

Aquel rexurdimento de fondas raiceiras, tamén de pólas verdes, de flores e froitos, sempre agardou por outras novas primaveras. Aquela forza de espírito da terra e a mesma que hoxe nos trae aquí, no bico sempre un cantar. Discurso que é homenaxe a músicos gardadores da esenciais, sumámonos especialmente agora a un amigo e conselleiro de Antón de Santiago, un home bo, músico por excelencia, seguidor de tradicións musicais coruñesas e galegas, Ramiro Cartelle.

Ao pe da memoria de canto aquí se dixo pousaremos con reverencia un ramiño verde con toxos e flores. Benvido Antón de Santiago a darlle voz e música de onte, de hoxe e de sempre a este anovado *instituto de Estudos Coruñeses*.

No día de San Patricio do 2018, anunciando a primavera.

No seguinte CD inclúense os audios habidos no Discurso de ingreso  
de Antón de Santiago

## A Coruña na Música de Rexurdimento A Cantiga Lírica Galega

1. UN SOSPIRO - *Canuto Berea* .....Antón de Santiago
2. CANTIGA - *Xosé Castro Chané* .....Ofelia Nieto
3. UN ADIÓS A MARIQUIÑA - *Xosé Castro Chané* .....Antón de Santiago
4. TANGARAÑOS - *Xosé Castro Chané* .....María José Ladra
5. MEUS AMORES - *Xosé Baldomir* .....Antón de Santiago
6. COMO FOI - *Xosé Baldomir* .....Antón de Santiago
7. A CORUÑA É UNHA SEREA - *Fernando V. Arias*.....Antón de Santiago
8. NAO SENLLEIRA - *Antón de Santiago* .....Antón de Santiago

### BONUS

Engádense as seguintes  
Composicions de ANTÓN DE SANTIAGO

9. No bico un cantar - *Poema Curros Enríquez*
10. Canzón de cuna para Rosalía de Castro, morta - *poema F. García Lorca*
11. Divina Rosalía - *Poema Teixeira de Pascoães*
12. Na morte de Castelao - *Poema Ramón Cabanillas*
13. Namorávanse os dedos - *Poema M. A. Fernán Vello*
14. Nao senlleira - *Poema F. Bouza Brey*
15. A elegancia é un corpo - *Poema M. A. Fernán Vello*
16. Cantar da túa tristeza - *Poema Ramiro Fonte*
17. Cantar do camiño longo -                    "
18. Cantar da rosa desvairada -                "
19. Cantar das dúas vilas -                    "
20. Non convén chorar máis - *Poema Luís Pimentel*

Intérpretes: Antón de Santiago, barítono  
Juan Durán, piano  
(CD *Cantigas Líricas para a fin do Milenio-Punteiro 2000*)

